

**RECOMENDACIONES
PARA TRABAJAR CON
NENOS CON ROTACISMO**



PAUTAS PARA TRABALLAR COS NENOS CON ROTACISMO

Durante o curso moitos dos alumnos asistiron ás miñas clases para corrixir algunhas alteracións que tiñan na súa fala, aínda que a maioría viñeron ao comezo do curso e outros de forma intermitente no transcurso do mesmo.

Por iso a continuación presentaremos unha serie de actividades para axudar a que estas alteración na pronuncia do fonema /R/ se poida mellorar na medida do posible e sempre tendo en conta as circunstancias na que nos atopamos e as circunstancias persoais de cada familia.

En primeiro lugar faise preciso dar unha serie de recomendacións xerais a ter en conta para traballar cos nenos:

- Intentar traballar diariamente
- Débese traballar un período curto de tempo
- Evitar a fatiga con cambios de actividades.
- Repetición dos exercicios propostos para lograr a fixación de hábitos articulatorios correctos.

Baseándonos nas características fonolóxicas ou fonéticas do fonema a corrixir (rr) teremos en conta tres estratexias para traballar cos nenos:

- *Directa* con actividades articulatorias.
- *Indirecta* con actividades de respiración, sopro, discriminación auditiva e praxias bucofonatorias).
- *Xeneralización* da forma correcta de articular.

1. Intervención Directa

Nesta intervención directa buscaremos a produción correcta do fonema. Aquí basta con explicar ao neno/a a posición correcta dos órganos articulatorios (punta da lingua no padal), a saída do aire fonador e a tensión necesaria na lingua (facendo vibrar a lingua).



A continuación podedes ver un vídeo de como podedes facelo de forma axeitada:

<https://www.youtube.com/watch?v=vUNEwsWoWy4&feature=youtu.be>

2. Intervención Indirecta

Logo de probar a intervención directa sen resultados, a intervención debe orientarse cara a realización de actividades que propoñemos na seguinte orde:

- a) Actividades de discriminación auditiva.
- b) Actividades de movementos de lingua, beizos e padal brando.
- c) Actividades de sopro.
- d) Actividades de respiración.

Logo de realizar un tipo de actividades volvemos intentar a intervención directa; se non a conseguimos, realizamos outra serie de actividades.

a) Actividades de discriminación auditiva:

- *Localizar o son:* Cos ollos tapados sinalar de onde procede o son ou ruído producido. Usar a voz, instrumentos musicais, golpes na porta ou fiestra, palmadas, chaves, etc. Abrir os ollos para comprobar.

Unha variación sería cambiar de lugar sen deixar de producir o ruído.

- *Recoñecer ruídos e sons:* Poñerlle ao neno ruídos familiares e os ten que recoñecer. Tamén se pode facer tendo varias imaxes (<https://www.pinterest.es/mmonge83/sonidos-onomatopeyicos/>) de cousas que fan son e terá que recoñecer o son oído coa foto correspondente.

- *Recoñecemento de cualidades sonoras:*

Intensidade: Dar golpes fortes e débiles cun tambor. O neno/a usará, un círculo grande para forte e un pequeno para o débil nun papel.

Duración: Tocar sons longos e curtos cunha fruta (igual intensidade). O neno/a usará raias longas e curtas.

Timbre: Usar fruta (vermello), tambor (azul), etc. Tocar un instrumento e anotar no papel coas cores asignadas a cada instrumento.




- *Memoria auditiva* pronunciar unha palabra facendo pausas de dous ou tres segundos entre as sílabas e o neno/a repetiraas unidas.
- Diferenciación de fonemas parecidos. Se lle din ao neno palabras con similar acústica como por exemplo carro/caro; morro/mor, etc e terá que discriminalas.

Otras actividades como como diferenciar dous sons oídos simultaneamente ou repetir palabras oídas sobre fondos distorsionantes: voces cuchicheadas, ruídos ambientais, sons de animais, etc

b) Movements de lingua, beizos e padal (praxias):

Presentamos unha serie de actividades motoras para realizalas ante un espello xa que o neno ha de poder ver a forma correcta e como o fan eles mesmos.



Na App PraxiaR tedes unha serie de vídeos como axuda.

c) *Actividades de sopro.*


*Cantidade:

- Soprar unha candea para apagala; ir afastándoa.
- Soprar sobre unha tira de papel sostida fronte á boca.
- Soprar cunha palla a auga dun vaso e facer burbullas.
- Soprar forte sobre a man.
- Soprar sobre boliñas de papel de seda ou trociños de papel.
- Soprar matasogras, muíños de papel,...
- Tocar instrumentos musicais de vento: frautas, harmónicas..



* *Control*

- Soprar unha candea achegándoa sen apagala.
- Soprar cunha palla sobre un vaso facendo poucas burbullas
- As anteriores diminuindo a cantidade e variando entre soprar forte e suave.



* *Dirección*

- Soprar sobre o flequillo e despois sobre o peito.
- Soprar sobre unha candea que cambia de situación: en fronte á dereita, á esquerda, arriba, abaixo.
- Colocar papeliños sobre a mesa a ambos lados do neno/a. Soprar os dun lado e logo os do outro, sen mover a cabeza.

d) *Actividades respiratorias:* Se propoñen actividades na que teña que

- Inspirar polo nariz e expirar lentamente pola boca.
- Igual pero expirar rapidamente pola boca.
- Inspirar polo nariz e expirar lentamente polo nariz.
- Igual pero expirando rapidamente.

Podemos facelo en diferentes posturas, sentados, deitados boca arriba e colocando un obxecto na barriga para ver como se move ao inspirar o aire.



3. Xeneralización

Unha vez que xa articula o fonema iniciamos actividades para xeneralizar o seu uso. Consistirá en actividades de:

- Repetición de sílabas combinando todas as vogais (ra, re, ri, ro, ru).
- Repetición de palabras e frases.
- Podemos comezar utilizando láminas de vocabulario onde aparecen moitas palabras. Así neste enlace tedes unha serie de palabras co fonema /R/

<http://siembraestrellas.blogspot.com/2019/01/comunicarnos-loteando-con-fonemas-r-y.html>

- O neno tamén pode ir dicindo as palabras con /R/ que se lle ocorran e se van apuntando e comprobando que pronuncia o /R/. Pode imitar as palabras que se lle van dicindo como no seguinte enlace:

https://www.youtube.com/watch?time_continue=368&v=t3cmqQV1t8&feature=emb_title

- Se pon en marcha un spinner e o neno ten que pronunciar todas as palabras que lle de tempo.

PALABRAS CON R

Autor pictogramas: Sergio Palao Procedencia: ARASAAC (<http://arasaac.org>) Licencia: CC (BY-NC-SA) Propiedad: Gobierno de Aragón
Autora: Eugenia Romero www.maestrosdeaudicionylenguaje.com


- Se propoñen tamén trabalinguas co fonema /R/ e adiviñanzas.

<http://trabalenguas.chiquiwiki.com/trabalenguas-con-r>
<https://www.youtube.com/watch?v=eF-EI5a7U9Q>

- Para finalizar coas actividades a realizar, cando o neno xa consegue pronunciar o fonema /R/ comprobarase que a través de diálogos espontáneos tamén pronuncia correctamente o fonema.

No seguinte enlace tedes un parchís logopédico no que se inclúen todas as actividades abordadas en todo este documento, que se vos vedes motivados podedes realizar. É sinxelo xa que todo consistiría en imprimir e recortar cada ítem do parchís e xa poderíades xogar. Nel podedes atopar xogos de bingos, dominós e de memorys nos cales o neno terá que pronunciar palabras co fonema R.

[http://www.arasaac.org/materiales.php?busqueda=basico&buscador=1&titulo_descripcion_basico=trabalenguas&autor_basico=&idiomas_basico=&area_curricular_basico=0&subarea_curricular_basico=0&tipo_basico=0&dirigido_basico=0&nivel_basico=0&saa_basico=0&button=B](http://www.arasaac.org/materiales.php?busqueda=basico&buscador=1&titulo_descripcion_basico=trabalenguas&autor_basico=&idiomas_basico=&area_curricular_basico=0&subarea_curricular_basico=0&tipo_basico=0&dirigido_basico=0&nivel_basico=0&saa_basico=0&button=Buscar)
[uscar](#)



Finalmente deixo dous enlaces con vídeos, varios trucos e varias actividades máis de reforzo ao xa exposto que serán moi útiles para que os nenos traballen coa /R/.

<https://www.maestrosdeaudicionylenguaje.com/recopilacion-materiales-fonema-erre/>

<https://www.youtube.com/watch?v=yembrVzort5E>